

4. Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Artigo 9. Comunicación.
5. Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sostibilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU.
6. Manual de Comunicación para Xestores e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
7. Manual de Comunicación para Xestores e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (MINCOTUR).
8. Manual de identidade visual do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
9. Calquera outra normativa que poda resultar de aplicación.

## VIII. VIXENCIA

Este convenio iniciará a súa vixencia o día da súa firma e rematará na data de formalización da acta de entrega da área de autocaravanas do Concello de Cabanas, e en todo caso o último día de vixencia da Addenda ao Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sostibilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU.

## IX. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- O presente convenio quedará suxeito ao disposto non "Real Decreto 36/2020 polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", ou "Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia", "Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", "Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", "Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia" así como o disposto no instrumento xurídico que regula a xestión do PSTD Fragas do Eume.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de presidencia número 22323 de 9 de maio de 2025.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA


Asdo. Valentín González Formoso

O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE  
CABANAS

Asdo. Fernando Couce Rodríguez

A SECRETARIA/INTERVENTORA  
DO CONCELLO DE CABANAS

Asdo. Irene Suárez López



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Cabanas  
CONCELLO

Número 48 /2025

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANAS PARA LEVAR A CABO A URBANIZACIÓN DUN ÁREA DE SERVIZOS DE AUTOCARAVANAS NO CONCELLO DE CABANAS, NO MARCO DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO FRAGAS DO EUME, FINANCIADO CON FONDOS DE PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION EU.

No Concello de Cabanas, a 13 de xuño do 2025.

Ante min, Dona Irene Suárez López, Secretaria-Interventora do Concello de Cabanas, como fedataria actuante.

## REUNIDOS

Dunha parte Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, conforme as competencias que ten atribuídas.

Doutra parte, o Don Fernando Couce Rodríguez, Alcalde Presidente do Concello de Cabanas e conforme as competencias que ten atribuídas.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación.

## MANIFESTAN

**Primeiro.-** A Deputación Provincial da Coruña presentou un Plan de Sostibilidade Turística en Destino ao Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, cuxas bases están reguladas pola Estrategia de sostenibilidade turística en destinos (2021).

**Segundo.-** Que a citada proposta presentouse baixo a modalidade de "Proxecto en cooperación", e polo tanto as partes formalizan as súas relacións mediante acordos de cooperación para establecer os seus dereitos e obrigas no desenvolvemento da actuación "Creación dun área de servizo de caravanas en zona de estacionamento disuasorio en Cabanas" dentro do marco do Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) Fragas do Eume.

O orzamento da actuación é de noventa mil euros (90.000 euros) e cunha contribución da Unión Europea do 100%.

Dado o interese da Deputación e o Concello de Cabanas para a realización da dita actuación, ambas as partes acordan formalizar o presente convenio en base as seguintes cláusulas.

Por todo o exposto, as partes:

## ACORDAN:

Formalizar o presente convenio conforme as seguintes cláusulas:

## I. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cabanas para levar a cabo a actuación “Creación dun área de servizo de caravanas en zona de estacionamento disuasorio en Cabanas” dentro do marco do PSTD Fragas do Eume.

A finalidade é previr que se produzan danos ou impactos sobre a natureza, mediante a creación de áreas de servizo de autocaravanas que eviten o estacionamento destes vehículos en lugares non habilitados e proporcionen a infraestrutura necesaria para que os turistas de *caravanning* podan cumprir coas normas de tratamento e eliminación de residuos e verteduras, respectando así as normas de convivencia e coidado da contorna.

## II. ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

O orzamento máximo de execución da actuación obxecto deste convenio é de NOVENTA MIL EUROS (90.000€), IVE incluído.

A actuación levarase a cabo a través de 2 accións:

- Acción 1: Redacción do proxecto de obras de urbanización dunha área de autocaravanas e aparcadoiro disuasorio no Concello de Cabanas: 10.816,24 € IVE incluído (estimación do prezo máximo de licitación).
- Acción 2: Realización das obras contidas no proxecto: 79.183,76 € IVE incluído (estimación do prezo máximo de licitación)

O prazo de execución estimado dos traballos é de:

- Acción 1: dous (2) meses para a contratación da redacción do proxecto de obra
- Acción 2: de catro (4) meses para a contratación e realización das obras

## III. FINANCIAMENTO

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento da actuación con fondos do PSTD Fragas do Eume, financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega provincial máxima de 90.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria, o que representa unha porcentaxe do 100%.

O detalle do orzamento asignado para a execución da actuación estímase como segue:

- Acción 1: O prezo máximo de licitación da redacción do proxecto e dirección de obra estímase en 10.816,24 € (IVE incluído). O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo a aplicación orzamentaria 0510/4327/650 (C14.I01.P02.S18.S02).
- Acción 2: O prezo máximo de licitación da execución da obra estímase en 79.183,76 € (IVE incluído). O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4327/650 (C14.I01.P02.S18.S02).

Os custos derivados da contratación da Coordinación de seguridade e saúde e Control de calidade imputaranse aos contratos vixentes no Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña para as ditas prestacións.

2.- Ausencia de dobre financiamento: A execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia debe respectar os límites establecidos en relación coas axudas de Estado e a prevención do dobre financiamento procedente do Mecanismo e doutros programas da Unión dos mesmos gastos.

As reformas e os proxectos de inversión poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo.

Para esta actuación o Concello de Cabanas acredita, coa firma deste Convenio, a ausencia de dobre financiamento.

## IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

### 1. COMPROMISOS DO CONCELLO DE CABANAS

En virtude da sinatura do presente convenio o concello de Cabanas comprométese a:

- Solicitar vía rexistro electrónico o inicio dos tramites necesarios para levar a cabo a actuación.
- Presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade do terreo de actuación, libre de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións que se describan no proxecto “Urbanización dunha área de servizos de autocaravanas no Concello de Cabanas” como trámite previo á incoación do expediente de licitación das obras pola Deputación da Coruña.
- Someter a aprobación o proxecto de obra que lle remita a Deputación da Coruña para a urbanización dunha área de autocaravanas.
- Asumir os custos xerados pola obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, cando estas fosen necesarias.

- Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto “Urbanización dunha área de servizos de autocaravanas no Concello de Cabanas”.
- Comunicar á Deputación da Coruña calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento do proxecto.
- Unha vez realizadas as obras pola Deputación da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Cabanas, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo esta a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello de Cabanas.
- Asumir todos os gastos posteriores de conservación e mantemento.
- Dar publicidade desta actuación dentro do marco do PSTD.

## 2. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

En virtude da sinatura do presente convenio a Deputación da Coruña comprométese a:

- Contratar a redacción do proxecto e dirección de obra da “Urbanización dunha área de servizos de autocaravanas no Concello de Cabanas”. O deseño do dito proxecto farase en colaboración co persoal técnico do Concello de Cabanas.
- Aprobar o proxecto construtivo, unha vez comprobado o cumprimento de todas as esixencias legais que fosen requiridas para a súa execución, e levar a cabo as actuacións de contratación, execución e supervisión das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.
- Contratar a coordinación de seguridade e saúde e aboar os gastos que diso se deriven.
- Contratar o control de calidade da obra e aboar os gastos que diso se deriven.
- Aboar as certificacións mensuais que emita o director de obra e que serán remitidas á Deputación da Coruña para a seu pago con cargo ao PSTD Fragas do Eume.
- Comunicar ao concello de Cabanas, cunha antelación de dez días como mínimo, a data e hora para o acto de recepción das obras pola deputación da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo concello de Cabanas, xunto co técnico competente que determine. O técnico municipal elaborará informe de conformidade coa recepción. De presentar algún elemento desconforme a Deputación deberá proceder a realizar as actuacións que correspondan para obter o carácter favorable da valoración técnica municipal.

A acta de recepción será asinada por un interventor da Deputación da Coruña, ou as persoas nas que deleguen, o director de obra e un técnico do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios ou do Servizo de Arquitectura e Mantemento.

- Unha vez recibidas as obras formalizarase unha acta de entrega da obra rematada que terá lugar en un prazo non superior á 15 días desde a recepción das obras.
- Comunicar ao concello de Cabanas calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento do proxecto.
- Dar publicidade nesta actuación dentro do marco do PSTD.

## V. POSTA A DISPOSICIÓN DO TERREO

O Concello de Cabanas pon a disposición da Deputación o terreo con referencia catastral 15015A011006550000GZ á fin de que se poidan executar as obras de urbanización da área de autocaravanas.

## VI. AUTORIZACIÓN

Os permisos sectoriais necesarios para a execución das obras de urbanización da área de autocaravanas e do aparcamento disuasorio, solicitaranse unha vez redactado o proxecto de obra.

## VII. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO

En relación á publicidade do financiamento deberase cumprir co establecido no:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Capítulo VIII. Artigo 34. Información, comunicación e publicidade.
- Acordo de Financiamento entre España e a Comisión Europea. Artigo 10. Publicación de información, visibilidade do financiamento da Unión e dereito de uso.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Capítulo III Instrumentos de xestión pública. Artigo 23.7